

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 12 DE MAIO DE 2015**

A C T A

Ás 16:30 horas do día indicado reúnen-se na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro, e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Disculpan a súa asistencia (2): Natalia Caparrini Marín, Mercedes Solla Carracelas

ORDE DO DÍA:

1.- Informe da presidenta.

A coordinadora informa sobre os seguintes asuntos:



Ratificáronse os datos de matrícula para o curso 2015/2016: 20 prazas de matrícula ordinaria e 2 de formación continua.

Enquisas de satisfacción da titulación: cubriron as enquisas 23 profesores e 9 estudantes. A coordinadora pide que se lembre aos profesores e estudantes que aínda non as fixeron, a necesidade de realizar as enquisas.

Páxina web do mestrado: estase pondo ao día a información que contén, polo que este é o momento de incluír aquelas cuestións que o profesorado considere oportuno, como por exemplo os requisitos técnico de equipamento para as materias do módulo 2.

2.- Aprobación se procede da acta da sesión do 25/03/2015.

Apróbbase por asentemento a acta da sesión do 25/03/2015.



3. Aprobación se procede do calendario xeral do mestrado do curso 2015/2016.

Apróbbase por asentemento do calendario xeral do mestrado do curso 2015/2016, co acordo de incluír a decisión que tome o profesorado do módulo 2 respecto á semana do 21 ao 23 de decembro (ANEXO 1).

4.- Aprobación se procede de solicitudes de Traballos Fin de Máster 2014/2015.

Apróbanse por asentemento as solicitudes de TFM de Verónica Touza Pérez, Javier Paredes Zurdo, Cristina Gabín Calaza, Sergio Pereira Ibáñez, Nerea Vilariño e Marta Becerro Manso (ANEXO 2).

5.- Aprobación se procede dos tribunais de Traballos Fin de Máster 2014/2015.

A coordinadora presenta unha proposta de tres tribunais formados polos membros da Comisión e coordinadores de módulo, cunha representación equitativa entre os 3 centros e na que os presidentes serán membros da Facultade de Historia para facilitar os trámites.

A prof^a Belén Riveiro expón que non poderá asistir ao día 22 de xullo polo que propondrá un docente do módulo que a substitúa.


A proposta é aprobada por asentemento (ANEXO 3)

6.- Adxudicación da bolsa de desprazamento ao extranxeiro para a realización de prácticas académicas externas no curso 2014/2015.


Aprázase a adxudicación a unha reunión extraordinaria da CAM que se celebrará o 26 de abril, intre no que o Servizo de Bolsas enviará a lista definitiva de aceptadas/denegadas.

7. Rogos e preguntas

A prof^a Cristina Montojo comenta os problemas que no módulo 3 produciu a necesidade de prorrogar a entrega de tarefas ata máis aló das datas establecidas inicialmente. A coordinadora considera que o máis adecuado é acordar os prazos cos coordinadores de materias en cada módulo e reflectir os acordos nos horarios.



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 12 de maio de 2015

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 09/07/2015.


A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz


ANEXO 1: Calendario xeral do mestrado curso 2015/16



Proposta
calendario master 21



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 2: Solicitudes TFMs 2014/15



TFM_CAM_HTCO3_2
015_05_12

ANEXO 3: Tribunais TFMs 2014/15



Tribunais_TFMs_201
4_15